

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII

Decálogo do Nacionalismo Galego

<p style="text-align: center;">I</p> <p style="text-align: center;">Autonomía de Galicia.</p> <p style="text-align: center;">II</p> <p style="text-align: center;">Autonomía municipal.</p> <p style="text-align: center;">III</p> <p style="text-align: center;">Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan.</p> <p style="text-align: center;">IV</p> <p style="text-align: center;">Igualdade de dereitos civís e políticos para a muller e para o home.</p> <p style="text-align: center;">V</p> <p style="text-align: center;">Representación proporcional e non elixibilidade dos que non rindan función útil para a colectividade.</p>	<p style="text-align: center;">VI</p> <p style="text-align: center;">Sustantividade do dereito foral galego.</p> <p style="text-align: center;">VII</p> <p style="text-align: center;">A terra para os que a traballen, e libre de gravames.</p> <p style="text-align: center;">VIII</p> <p style="text-align: center;">Repoboación forestal forzosa.</p> <p style="text-align: center;">IX</p> <p style="text-align: center;">Entrega á propiedade particular das terras incultas do Estado.</p> <p style="text-align: center;">X</p> <p style="text-align: center;">Libre cambio.</p>
--	---

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, A CRUÑA

Ford

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

NOVOS PRECIOS

Bordo Cádiz con dereitos xa pagados debido á nacionalización da fabricación

	<u>Pesetas</u>
Turismo , 5 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	4.165
Turismo , 5 pasaxeiros, aberto, con arranque.	4.490
Chassis Camión , con rodas desmontables (Neumáticos ou macizos atrás)	3.910
Chassis Camión , rodas desmontables e arranque.	4.230
Sedan , 5 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque.	6.990
Coupe , 2 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque	6.025
Chassis , de turismo, sin arranque	3.035
Chassis , de turismo, con arranque.	3.360
Voiturette , 2 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	3.960
Voiturette , 2 pasaxeiros, aberto, con arranque	4.300
Tractor	4.260

Camións e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

LUIS GRANADOS
AGENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles


Payo Gómez, 5 A Cruña **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 165 — 15 JUNIO 1922

Leria no adro



— Na cadea dan de comer a todol-os presos.
— É certo; pero teríamos que faguer algún mal pra ir á cadea.

Conferencia e discurso de Leonardo Rodríguez en Santiago

COMENTARIOS

Leonardo Rodríguez, diputado por Chantada, foi á Ciudad de Compostela chamando pol-o Claustro de aquela Universidade a dar unha conferencia sobre a maneira de implantar e-aquele Centro de Ensino os estudos superiores do Comercio.

En principio é dino de louba o feito de que os políticos se poñan en contacto co pobo e lle marquen as orientacións a seguir no seu desenrolo cultural. Na conferencia o señor Leonardo Rodríguez demostrou coñecemento dos máis novos sistemas de ensino mercantil; pero a orientación que indicou non nos parece a máis axeitada; Galicia non pode estar conforme con que os estudos comerciais se vinculen na Universidade de Compostela; abonda ollar un pouco a realidade galega para se dar conta de que a futura Universidade Mercantil téa que estabrecerse na Cruña ou Vigo.

Emporiso, non imos facer tema de controversia iste punto. Na concencia de todos está que o día da conferencia foi un pretexto para realizar un acto político. E isto é o merecente dos nosos comentarios.

Despois da conferencia deron-lle un banquete con motivo

comensales; moitos deles eran representantes do caciquismo monteirista que sempre dominou en Santiago, e que hoxe, derrotados e desahuciados pol-o opinión, tencionan, pol-o visto, agarrarse á política de Leonardo Rodríguez como a un cravo ardendo; os demais acudiron para ouvir as declaracións que o agasallado podería facer, pol-a curiosidade que n-uns e o intrés que na maioría despertan os actos d'este político.

Chegado o momento dos brindis, fixo un discurso totalmente político; n-él estivo máis elocuente, máis sinxelo, máis espontáneo, e falou con máis emoción, e hasta con máis xusteza de verba e de pensamento que na conferencia. A súa fundamental manifestación foi declarar solenemente que quería para Galicia un réxime de autonomía, a máis integral que poidera caber dentro da unidade do Estado hespañol; e despois falou da reconstrución do antigo Reino de Galicia, repetindo a verba "Reino", como dando a enxerguer que aínda cobizaba un réxime de plena soberanía galega.

Non podemos negar a fonda trascendencia d'istas declaracións: son intresntes por dous motivos: primeirno, porque é a primeira vez que un político galego fai declaracións d'ista natureza; hasta d'agora ningún político tiña pedido para Galicia a autonomía integral como príe fundamental do seu programa; ningún a pidira, máis que os nacionalistas. E o segundo, porque istas manifestacións foron re-elladas co grande aprauro de todol-os comensales, entre os que había moí poucos nacionalistas. Isto proba que as nosas arelas van inun-

dando, como unha marea que sube, todas as concencias; e proba tamén que d'agora en para diante ningún político galego, que queira cimentar a súa actuación no pobo, pode á prescindir do puxante e incontrastable movemento nacionalista—movemento consciente n-unhos, instintivo na maioría, pero nacionalista sempre—da opinión galega.

A nós cómprenos fixar con verdadeira fidelidade estes fenómenos de conversión dos diversos sectores da opinión galega hacia unha arela común de afinamento da nosa nacionalidade nacional. O noso aprauro para todos aqueles onde veñan, dên-se conta ao fin, de que a grandeza de Galicia téñ que dar comenzo pola súa redención da escravitude secular á que está sometida por un Estado extranxeiro, e téñ que rematar polo triunfo dos nosos valores propios no concerto de todos os valores universais. O noso ideal é un ideal d'amore, ro que caben todos os corazóns bós e xenerosos; e todos os galegos debemos axudar a erguer o moimento glorioso que a nosa Raza téñ obriga de ofrendar á Civilización da Humanidade.

Mais tamén cómprenos fixar a nosa posición diante de todos estes fenómenos. Nós queremos para a nosa Terra a plenitude dos seus dereitos; nós queremos o reconecemento e o respecto para o dereito que Deus e a Natureza lle deron a interrogar e dirixir con plena liberdade os seus destinos. Por iso ollamos con agrado todos os actos de reintegración á Terra que os nosos políticos, e en xeneral todos os galegos fagan. Pero endexamais, formaremos entre os partidarios de ningún político; primeiro, porque si calquera político acepta integralmente o noso ideal, non seremos nós os que esteamos con él, sinón que será él o que ven a estar con nós; e será él o que acate a nosa doutrina, e non nós os que nos sometamos ás súas orientacións.

Pero sobre todo, nós non podemos estar con ningún político, irda que apraválanos a súa actuación, porque os nacionalistas temos o máis fondo convencimento, confirmado pola Historia dos movementos nacionalistas e pola realidade do Estado hespañol, de que endexamais conquistaremos o triunfo da soberanía galega por medio da política. Coa política poderíamos conquistar a autonomía; pero a autonomía moi pouco ou nada resolve xa para Galicia; xa pasaron os tempos en que a autonomía podía ser unha solución ao problema galego; a autonomía é un sistema de réxime de administración; pero nós temos unhas fundametas diferencas de raza, de cultura, de sentimentos, e incluso de destinos que cumprir na Historia respecto dos demais pobos da Hespaña, que fan imposible o desenvolvemento da nosa existencia como pobo dentro d'unha comunidade de réxime n-un Estado común, por moi autónomo que o réxime fose. E esta plenitude de vida e liberdade que nós arelamos para o antigo Reino de Galicia sómentes pola acción directa a poderemos conquistar. O noso problema non é un problema de políticas distintas, sinón un problema de civilizacións distintas. Por iso o Estado hespañol sempre inquisitorial e déspota, non nos entende, non nos pode entender, nunca nos entendeu; e nós tampouco endexamais poderemos entendernos con él.

Pensamentos do meu breviarío

O centralismo será sempre xermelo fatal do absolutismo, porque a centralización de funcións provoca a centralización de poderes. Por iso o nacionalismo na Hespaña será sempre un principio renovador e democrático; será sempre unha arela de liberdade contra un estado de tiranía.

O amor á Patria é o amor á terra; a Patria é a terra primeiramente, e despois todo o que hai sobre da terra; non podemos maximarnos unha Patria marítima. Por iso o berro galego de ¡Terra a Nosa! é a mais fonda expresión de patrio-

tismo, superior a cantas se teñan feito en todas as linguas do mundo.

Todos os filósofos e xuristas distinguen dúas clases de dereitos: dereitos naturais e dereitos adquiridos; o primeiro dos dereitos naturais é o dereito á existencia.

O nacionalismo é un sentimento; o sentimento da existencia propia. Por iso o nacionalismo é o primeiro dereito natural de todos os pobos. Por iso o nacionalismo é intanxible coma propia vida, é sagrado como un evanxello; un evanxello común a todos os tempos, a todas as civilizacións e a todos os pobos.

O nacionalismo é unha afirmación: a afirmación da existencia propia; é unha creación: a creación do pensamento propio; é unha acción: a acción complementaria do pensamento; é, pois, sempre un amor, expansivo e creador como todos os amores.

Por iso o nacionalismo sempre será un apostolado fecundo, e nunca un sectarismo intransigente.

Cando berro ¡Viva Galicia libre! non fago mais que reclamar para a miña Terra vida e liberdade; é o reclamar para a terra miña istos dereitos, veño a reconecer tamén os mesmos dereitos para todas as demais terras; é pois, un berro d'amore, un berro de irmandade. E emporiso hai moitos que non toleran ise berro, ¿queredes millor mostra de que estes son os nosos verdadeiros tiráns?

E emporiso hai moitos que n-ise berro ven un ataque a Hespaña; pois si a Hespaña non pode convivir coa nosa liberdade ¿queredes millor mostra de que nós dentro do Estado hespañol teremos que ser sempre escravos?

E agora eu pergúntovos galegos: ¿Será posíbre que aínda sigades tenda alma de escravos?

Algós téñenme dito: eu son federal, pero non son nacionalista.

Agora ben, a cantos pensen así, au pregolles que mediten un pouco istos sinxelos pensamentos.

A idea da federación supón a libre determinación dos pobos que queiran federarse para entrar n-ela; iste é un axioma que ninguén pode negar. Esta libre determinación supón a facultade de se determinar; ista facultade supón unha soberanía propia e unha concencia propia; ¿e isto qué é sinón unha nación? Logo a idea federativa supón denantes a idea nacional; a federación téñ que ser posterior ao triunfo do nacionalismo.

¿Non queredes admitir estas verdades? Pois veredes as consecuencias: a federación baséase na liberdade de réxime para os pobos federados. E si esas liberdades non as poden fixar os propios pobos, terá de ser un pobo quen fixe as liberdades dos demais; desde ise instante ese pobo é un pobo dominador; desde ese instante a idea federativa dexenera n-un principio de tiranía.

Por iso cando oíro dicir a frase de "eu son federal, pero non son nacionalista", cáusame o mesmo efecto que si un católico me dixera "eu son católico, pero non creo en Deus". E aínda quizavés non sexa esta a comparanza xusta, porque eu coreszo moitos católicos que non creen en Deus.

L. PEÑA NOVO.

LETRAS IRMANS

A GALIZA

Do libro EM DEMANDA DO GRAAL, de Affonso Lopes Vieira, do que copiamos esta invitación a unha colaboración cultural galaico-portuguesa.

Ven, e xuntos...

Ao poeta portugués Affonso Lopes Vieira, respondendo á súa inspirada poesía "A Galiza."

Ohi Portugal, o da gloriosa historia,
Do que fuches un día fai memoria
E deixa a quen te esprota e te empobrece;

Ouro tês, ferro e prata no teu seo,
Produtivo é teu chan, limpo teu ceo,
Ven a quen agarimo e paz che ofrece!

Ven, e xuntos de novo,
Rexurdirá na historia aquel gran pobo
Que cando nos lindeiros xa non coupo,

Con esforzo potente
Esborrallou fronteiras e, valente,
Facer de un mundo seus lindeiros soupo.

Amador Montenegro Saavedra.

Raposeira (Vigo), Setembro de 1917.

* * *

Portugal tinha uma noiva, noiva formosa, prima direita e que doce e gentil era a Bela-Infanta!

Amávam-se desde crianças: brincaram en tamanhos e falavam a mesma linguagem, que tinha uma palavra só de ambos sabida: SAUDADE.

Dêste remoto idílio do moreno donzel e da loira infantina, perduram as mais belas lembranças: os Cancioneiros que celebram a Paixão de Tristan e a Graça da Virgem, a nossa Poesia da saudade e do amor.

Mas os parentes cruéis, os tios duros tutores, que nada entendem das almas e são flagelo da terra porque nela mandam con forza, separaram os noivos ditosos e não os deixaram casar!

Desde então o saudoso donzel prega os olhos scismáticos alem, onde demora a infantina; e a damizela, soídosa como êle, deitalhe os olhos longos, e sofre...

Os cruéis parentes mandaram que os apartasse um rio para sempre: mas o rio, que os ama aos dois, beija-os sorrindo e corre a chamal-os...

—Galiza, madre e irmã nossa: a tua alma está em a nossa alma, e quem pode impedir que t'lo digamos, como tu no-lo dizes também?

Porque a separação a que nos condenaram, aos dois causou tanto mal que dêle dalguma sorte morremos:

A tí roubou-te o apoio daquêle braço forte pela Historia, e ao qual te encostarias ditosa para viver e cantar.

E a nós, a nós que tivemos todos os caminhos do mundo, roubou-nos simplesmente o claro caminho da Europa!

Cántigas da Terra

Sinxelamente deceramos que este Coro, na festa que fixo no teatro Rosalía Castro o día trece deste mes, asinalou un grand' adianto na excursión da música galega, demostrando que tén unha disección enxebre e intelixente coa que poden acadar, en días non lonxanos, lauros e aprausos resoantes para a agrupación, e con proveito para a patriótica finalidade que persiguen. Vaia o noso parabén para todos eles, e principalmente para o noso amigo Manoel Fernández, o intelixente e simpático director da agrupación.

CANTIGAS conta agora con catro parellas de baile, que na noite da festa teatral fixeron subir aos cumios o entusiasmo do público. Gracia, enxebreza, fidalguia nos movementos e nos modos da muiñeira, causaron a ledicia dos que tiveron a sorte de os ver. ¡Ben! a aos barudos mozos e ás melgas mulleriñas que fixeron xurdir na nosa alma unha leda visión da Galicia tradicional e santa!

O gran cariño que temos por todas as agrupacións artísticas que se adican ao espallamento da nosa música, autorízanos a que fagamos unhas advertencias de amigos e irmáns.

O sainete "Copas e Bastos" pertence á ese xénero burdo, que pol-o linguaxe e pol-o motivo que desenvola, dan unha triste e baixa impresión, falsa sempre, das nosas xentes traballadoras. Son choqueiradas que os que cobzamos sublimar a Galicia pol-o arte debemos de desbotar.

Rogamos tamén que ao finar unha festa ou cerimonia calquera en que se cante o himno galego, póngose o público respectuosamente de pé e descuberto, como adoita, non se rompa despois o emocionante momento repetindo outra cántiga por boa que ésta sexa. Se o público ovaciona debe repetirse o himno, para que estes sons esgrevios queden no corazón como recordo d'aquel amor que a todos nos axunta, inda que non queiramos, na mais grande e pura das irmandades.



VICENTE RISCO

Na Academia Galega existen na actualidade duas vacantes de académicos en número; unha d'elas pol-a morte de noso chorado irmán Francisco Tettamancy e Gaston.

Pol-os nosos irmáns Manuel Murguía, Manuel Lugois Freire e Eladio Rodríguez González foi proposto para ocupar a vacante, o noso querido irmán Vicente Risco, o ilustre pensador ourensán, presidente da I. N. G., e director da revista cultural galega "NOS".

Vicente Risco, que na hora presente é unha das mais grandes mentalidades da mocidade galega, entra por dereito propio na citada institución. Moito agardamos da súa labor dentro da Academia, avalorándola co seu prestixioso valer. A nosa embora á Academia Galega pol-o acerto de levar ao seu seo ao noso querido o culto irmán.

A MALIBRAN

ESTANCIAS

(De Musset)

I

Para d'ela falarmos sei que é tarde;
Pasaron quince días desde que é morta,
E nesta terra quince días, sei no,
Fan de morte recente vella historia.
Con calquer nome que o penar chame,
Ao home, presto, en toda parte abonda.

II

¡Ouh María, Felicia! ao expirar deixan
O poeta e o pintor inmortal sona;
Xamais a horrible noite os leva enteiros.
A falla de aición sua alma n'acouga
E da morte e do tempo trunfar queren,
E feridos, como héroes, can na loita.

III

Este grabou no bronce o pensamento;
Deulle en rimo dourado aquel a forma;
Cando un o escolte d'el amigo faise.
Deixouno Rafael sobre da lona;
E abonda un neno sobre a nai dormido
Para furtarse de que a nada o colla.

IV

Coma de un lume a chamma fiel, no fondo
Do Partenon a pedra marmor vouga
Garda de Fidiás a lembranza eterna,
De Prasíteles filla, Venus moza,
Inda sorri, na divindade erguida,
Dos socos impotentes vencedora.

V

Nova vida tomardo das edades,
Para Dios foxen de outro tempo as glorias;
Tal o estendido son da voz do xenio
Dos humanos será voz inzadoira...
E de tí, pobre María, mostra onte
De unha capela o fondo unha crus mostra.

VI

¡Unha crus! e o esquencimento, e a noite!
¡Escoitada! é o vento, o mar que rola;
A voz do pescador na gran ribeira,
E de tanto porvir, beleza e gloria,
Dos doces sons d'un máxico istrumento,
Non queda un aí, nin arredada nota!

VII

¡Unha crus! e o teu nome nunha campa;
O teu non, e do firme que cho dona.
Mira o que deixas tí sobre da terra;
E cando alguén qu'xer verte na cova,
O nome tan amado non topando,
Non poderá rezar onde repousas.

VIII

¡Ouh Nineta! onde van, musa adorada,
Esas falas d'amor encantadoras,
Que corrían á noite do teu labio
Como da flor do espiño dobre aroma?
Esa voce tristeira esa arpa viva,
Que no peito levavas ¡ula agora?

IX

¡Non era, aí, onte cando remedabas
A Corila con gracia toleirona,
E nos dabas o trinc seducente
De Ros'na con xeitos á española?
Ao cantalo "Salgueiro" no' eran onte
Esas bágoas, pálida Desdemona?

X

¡Non era onte cando na flor da idade
co'a lira na man, corrial-a Europa;
Nadando pol-o mar, rindo, cantando
A tarantela baixo o céu da Ausonia,

Peito d'auxe e leon, paxaro ceibo,
Nena aínda, e artista xa de sona?

XI

¡Non era onte cando xunguido tiñas,
Amada e bendecida a xente tola
No teu carro, e que Londres, Franza, Italia
e Madri, che traían, trunfadora
Ouro sacro duas veces ao teu xenio
c'o que facías caridades moitas?

XII

¡Porqué morrerés tí, nobre feitura,
Bella imaxe de Dios, que, garimosa,
Dabas ledicia ao rico é pan ao pobre?
¡Quen a natura fire de tal forma?
¡Qué segador famento, desautente,
sobre os nosos mellores á man pouosa?

XIII

¡Non abundaba ao ánxele das tebras
Que apenas un gran nome deixe agora?
¡Que Guericault, Cuvier, Schiller e Goete
E Byron durman baixo as frías lousas?
E a Napoleón no entreaberto abismo
Seguir vexamos outras moitas glorias?

XIV

¡Deberemos perder máis testas caras,
E os ollos lles cerrar con faz chorosa,
Se d'esperanza un raio brilou neles?
¡Seus eleitos o ceu invexa agora?
¡Será certo, aí, que cando un morre mozo
Ese amado dos díese, como centan?

XV

¡Cantos van dende ha pouco cheos de vida
Do cipreste e chorón baixo da pola!
¡As cinzas de Robert frías apenas,
Bellini cai e morre! Le á cova
A Carrel sanguentado longo extremo.
Tumbas téñ que limiar do seelo a porta.

XVI

¡Qué restará se a sombra que no'enfora,
O que facemos nós presto devora?
¡Nós, que mudabre o chan ora sentimos,
E, sobre ruínas, o porvir nos soa,
se baixo nós o vento leva o xabre,
De que luto o Señor quer que se un poña?

XVII

¡Aí, Marieta, tí quedas-nos aínda!
Cando a aye, no rego, canta a aurora,
O labrador detense, e sudoroso,
Da dita, no are puro, un sopro gozo;
Así nos consolaba a dor levando
Aos ceus, a tua voz fresca e sonora.

XVIII

O que nos fai chorar morrerés cedo,
No é a divina arte ni as suas cousas;
Calquera estuñará a que tí fundache;
É tua alma, Nineta, grande e boa,
A voz do corazón que á cerna chega,
E que ment-s non hai qu'en xamais volva,

XIX

Sin un alma tan forte hoxe viviras.
Ese foi o teu mal, a dura forza,
Que o teu corpo deitou coma unha cana.
El d'abondo termou na fatal loita.
Do poderoso Dios, da brava Musa,
Nos seus brazos ardentes fuche á cova.

XX

¡Que non atafegaras esa ardencia
Que o teu seio debiera largar fora!
Tí viviras, e vira, apraudirte
Por xente cansa, indiferente moita,
Que hoxe incostante o seu favor prodiga
A xentes que seguro nunca morran.

XXI

¡Conciás tan pouco a ingratidade?
¡A matarle por ela fuches tola!

¿Para verter na escena bágoas certas,
¿Volveronte tan vana algunhas rosas
Cando secol-os ollos leñen tantos
Artistas careados e de sona?

XXII

¿Porqué non arredabal-a cabeza
De farsa e emoción levaba toda?
¡Ah! Queríante mo'lo e nada viran.
Ao cantal-o "Salgueiro" porque as conchas
Non pulsabas da lira, en vez do soño?
A Pasta fixo así. ¡Se así ti foras!

XXIII

¿Non sabías, imprudente artista,
Que ao cebares do peito voces tolas
A palidéz medraba nas meixelas?
¿Non ibas cada día máis tembrona
A man tofando sobre a sen ardente,
Tentaado á Dios ao amares a dór sola?

XXIV

¿Non sentías que a linda mocidade
Deus teus ollos en bágoas iba á fora,
E do teu nobre peito iba en soluzos?
¿Canto te cabas da tristeza conta
Dos que te amaban, nun fatal delirio

Non vías arrolar da vida as follas?

XXV

Ti sabíalo, que ao largar da escena,
No lenzól unia vez veríante posta.
Cando fría, sacáronte, cal marmor,
Cando e n...o...a...a, geta á gota,
Corre da vea azul o sangue mouro,
Xa centabas a macé sobre ti afenta.

XXVI

Ti sabíalo, e mais que nesta vida
Nada hai mellor que amar, e certo as coitas.
Cada noite, c'os cantos descorabas,
Do mundo dábase e da invexa conta,
E noí corpo brizago o xenio xunto,
A Mallibrán mirabas, ir á cova.

XXVII

Morre: a morte é doce e xa cumpr'che
Tua tarefa. O xenio que se noma
E a ánsia do querer, o mais é nada.
Xa que do amor ben presto un non se acorda,
É de grande alma e de un felis destino
Morrer cal ti por santo amor con gloria.

Florencio VAAMONDE.

Teatro galego

O cuadro de decramación "Lugris Freire", da "Sociedade Artística do Tea", que patrocina o noso d'stinto e querido irmán D. Enrique Peinador, propietario do balneario de Mondariz, dou neste balneario e no teatro de Ponteareas dúas veladas teatraís galegas. Representaron a comedia de Lugris Freire, "O Pazo" e o diálogo "Marzadas", de Xavier Prado (Lameiro.)

No teatro "Linares Rivas", da Cruña, nunha velada a beneficio do "Patronato da Caridad", foi estrenado un drama galego en dous actos, titulado "A xusticia pel-a man", calcado da poesía de Rosalia do mesmo nome, da que é autor o capitán de infantaría Sr. Castro Lens e premiada no concurso de Irmandade da Fala de Betanzos.

A obra gustou moito e o mesmo o autor que os rapaces que a representaron foron moi apraudidos.

Novas da causa

Na sociedade "Recreo da Xuventude", de Mourente (Pontevedra) dou faj días unha conferencia en col do agrarismo o noso querido irmán Antón Lousada Diéguez, catedrático do Instituto de Pontevedra.

Según nos teñen comunicado e leímos na prensa daquela cidade, foi unha conferencia moi interesante, na que definiu marxistralmente o que debe ser o agrarismo. Falou tamén do nacionalismo.

No mesmo acto dixo tamén unhas palabras o querido irmán e coñecido dibuxante, Castelao. Os dous oradores aos que presentou o loitador agrario Sr. Fondevila, faláron en galego e foron moi apraudidos e felicitados.

O 28 do pasado inaugurouse na sociedade "Recreo de Artesanos", de Pontevedra, a exposición de traballos do gran Castelao. Tivo expostos, no seu album "Nos" xñ coñecido en toda Galicia e uns novos traballos en cores que teñen sido moi gabados.

No día da apertura dou unha conferencia sobre a obra de Castelao o distinto catedrático ourensán Sr. Otero Pedraya, quen foi moi felicitado e apraudido. Presentóuno o noso querido irmán Paz Andrade. Os dous expresáronse no noso idioma.

Días despois dou outra conferencia, interesantísima como todo o seu, o mesmo Castelao. Foi ovacionadísimo.

Aos dous actos asistiu moita concurrencia, na que se contaban moitas distintas donas e señoritas.

**Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA**

LECTURAS

LA REVISTA (Quaderns de publicació quinzenal.) Abril I : 1922 - Barcelona :

Esta interesante revista contén: R. Rucabado, INTECTUAS DE NOITE, unha invitación aos artistas cataláns a seguir o lema "para a nosa lingua o gran sol", nada de noctambulismo doente e exótico, Joan Crexelles, ANALISE DOS FUNDAMENTOS D'UNHA ACTITUDE NACIONALISTA: Son notas para un traballo máis longo según nos di o autor, un pensador aínda novo formado na Alemania; máis d'elas resulta o seguinte: "temos visto que a nación era libre productora da historia persoaxe central do seu curso. Así sa nan xustifica aínda a afirmación clásica do nacionalismo político "a cada nación un estado..." fa'na moi probable." R. Gay de Montella, EUROPA, AMERICA, O PEN. L. PETS E IDEALISME, POESIAS CATALANAS de Francés Sijá e Josep Pons; traducións do poeta francés contemporáneo Albert Schueerberger, c'unha pequena nota introductora proseguindo así labor de dar a coñecer en catalán a nova literatura estranxeira, notas informativas, Lletres, Artes, Revistas.

BUTLLETI DELS MESTRES, (Suplemento de pedagogía da revista Quaderns d'Estudi da Mancomunidad de Cataluña. Publica-a o Consello de pedagogía

O Boletín que temos diante é unha proba do que a Mancomunidad de Cataluña se interesa pol-os problemas educa-

tivos. Contén: Reformas do ensino. Un bon e pensado traballo do mestre normal M. Bargolló sobre O CONCEITO DE PEDAGOXIA que él mesmo resume así: "Pedagogía como disciplina propia independente? Non-o esquezamos: creación, historia, literatura. Por relativos que sexan estes conceptos, o que chamamos pedagogía está lonxe do campo de ciencia." Montserrat Sastre, A COOR NA DECORACION. Joaquín Febrer. Para o ensino de xeografía, As chuvas en Cataluña no 1921. Libros e Revistas.

Os cursos da Manco- : : : : : munidade : : : : :

Encontramos na mesma revista unha nota nota dos cursos organizados pol-a Mancomunidade e indicamoll-os aquí por ser importante coñecel-os.

I. Estudos normás. 1) Conferencia do Sr. Jaques De croze, (Suízo, creador da nova ximnasia rítmica; en Hespaña non viu máis que Barcelona; antes da guerra tiña a súa escola en Dresde.

2) Historia da Filosofía e da educación por J. Crouxelles.

3) Conferencias de música por Joan Llongueras.

II. Seición d'ensio doméstico. Para dito curso enviou a París a L'École menagera, a Mancomunidade á señorita Concepción Farrán.

III. Cursos monográficos: 1) Cuestións de Física Moderna, seis leccións en lingua francesa por Arnold Sommerfeld (profesor en Munich). 2) Cuestións lingüísticas, seis leccións por M. Meyer Lübke (profesor da Universidade de Bonn. 3) Xeografía humana das montañas, 8 leccións en francés por R. Blanchard profesor na Universidade de Grenoble.

4) As industrias agrícolas e a microbioloxía por P. Mazé (co Instituto Pasteur, en París).

5) O sentimentalismo como valor pedagóxico e demagoxia, por G. Alomar.

Esperamos que a Universidade de Compostela non tardará en comenar unha obra análoga.

A labor pedagóxica do Concello de Barcelona

No mesmo boletín atopamos aínda notas sobre o labor educadora do Concello de Barcelona: Escolas ao ar libre do Parque Guinardo, Ampliación dos pabellóns a Vil·le Joanes, Cantina escolar, Escola do Bosque en Montjuich. Todo elo recomendase para o estudo dos organismos administrativo-análogos de Galicia.

Boletín de la Sociedad Castellonense de Cul- tura - Castellón - I - III

: : : : : 1922 : : : : :

Contén: San Vicente de Marvella, por Ricardo Caneros. De la vida castellonense, "Xastre, música, labrego e sempre xastre", por J. Pascual.

Bros bulrado (poesía), por E. Navarro Borrás. La guapa por A. Fernández. Fraseoloxía valenciana como suplemento "Diccionario valenciano".

Notas de arte e de culutra

Hasta fai poucos anos non había na nosa Terra unha arte e unha cultura galegas, pese a que tiñamos grandes artistas e homes de grande cultura. E isto era así porque os novos homes cultos e nosos artistas non se achaban solidarizados

co pensamento e co sentimento da Terra; eran servos da arte e da cultura estrana; e por iso, lixados xa ao nacer polo seu contacto co unha lespiritualidade escrava) o seu esforzo ficaba esteril coma o do elefante que na escuridade non procrea.

Hoxe en troques nótase unha milagreira alborada na arte e cultura galegas; é que os nosos homes, ao fin, independizaronse do pensamento extranxeiro, porque deron-se conta de que somentes cultivando o pensamento e os valores propios poden crear valores universales.

Na Exposición da Arte en Madrid triunfaron dous grandes artistas galegos, aparte de outros varios artistas que tamén foron premiados: Llorens, o gran paisaxista, levou primeira medalla por un cadro da paisaxe galega; Asorey, o noso escultor mereceu as gabanzas sineiras de toda a crítica pol-a súa figura "A naciña", que é un anaco da alma galega inxerido con toda a emoción da vida pol-a man do artista n-un tronco de castaño. Velai dúas obras que triunfaron na Hespaña, dous valores xa universales, que o son porque n-eles vibra con plenitude o sentimento da Terra. Velai dúas obras que non se podieron facer máis que en Galicia e por artistas galegos. Velai como cando os artistas se independizan do extranxeiro e cultivan os valores da súa Terra, poden facer unha arte universal e creadora; e namentras non fagan eso, non valerán nada.

O popular "Círculo d'Artesanos" da Cruña cerrou o seu curso de conferencias de inverno con dúas admirables, a cártrego a primeira do señor inxenheiro F. España, que falou encol da relatividade de Einstein, e a outra, do gran galeno Sr. Novoa Santos. Tamén leu unhas poesías, presentado polo noso irmán e tamén poeta, Lugois Freire, o poeta ourensano Xavíer Bóveda, que aos seus grandes valimentos d'agora en máis engalirá outro eminente; o de escribir en galego, según nos dixó, por adoitarse máis iste idioma á poesía que o castelán.

No próisimo mes da sega sairá á publicidade un gran xornal moderno na cidade de Vigo, que se titulará "Galicia"; será redactor-xefe o mozo e xa grande xornalista, irmán noso, Vicente Paz Andrade; e prestarán asidua colaboración as principais figuras da intelectualidade galega.

Para o xornal irmán, que ven redimir á opinión galega da servidume moral da prensa caciquil, noxenta, que é a maioría da prensa de hoxe, un saúdo de agarimo e alento para a loita, con un berro de ¡Terra a Nosa!

En Pontevedra inaugurouse outra exposición do noso gran artista Castelao, con unha serie de conferencias nacionalistas.

Tamén no Ferrol inaugurou-se outra exposición do admirable paisaxista galego Imeldo Corral, dándose tamén unha serie de conferencias nacionalistas no salón da exposición. Como vedes, cultura e nacionalismo, sempre andan xuntas, porque son dous conceptos inseparables, e son dúas ideas creadoras.

Fai quince días escasos que o noso irmán Lugois Freire puxo á venda a súa "Gramática Galega" e xa casi vai agotada a edición; choven os pedidos de toda Galicia e de moitas partes da Hespaña e do extranxeiro. Xa está pensando en facer unha segunda edición. Foi o maior éxito editorial coñecido en Galicia dende fai moito tempo. E isto é a mellor crítica e a maior loubanza da obra. Proba tamén como o noso ambiente áchase saturado d-un infinito desacougo de enxebriismo.

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Significan o máximum d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre

Juana de Vega, 35

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

"Patente-Salva vidas"

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa crás que máis honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

"La Encajera Española"

Fábrica de encaixes de fío
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor
Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os milleros viños de Xerez
son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:
Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

"LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación
con habitacións independentes. Preto das ad-
ministracións dos coches ao ferrocarril
e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centráis: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursá na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursáas ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encargos de fora, e espídense por meio das nosas sucursáas. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvese manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores
os que exporta a casa PEDRO DOMECCO de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto
de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)
Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA
Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (neraída prima a roelbir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Direición telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millós de ptas.

Direición telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza


Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que ahora intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â	vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a	3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a	6 id.
3	por	100	id. id.	a	1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Espagne 23 de Junio

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	»	553	600

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Líña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR.	Prezo en 3. ^a cras
23 de Junio	FORMOSE (nuevo)	434'60 pesetas.
24 de Julio	MEDUANA (nuevo)	434'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. Ptas.			1.315		1.565	1.693
En segunda crase. »			1.610		1.610	1.610
En segunda intermedia . . . »			575		575	575

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Vapor correo rápido **GELRIA** 17 de Junio

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 369'60**

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario - Marina, 22 - A CRUÑA